

# Alén da hist

Xavier Alcalá invertiu cinco anos en documentar a obra ga

A imaxe do autor solitario plasmando sobre o papel os pensamentos que as musas lle soplan na orella non é máis ca iso, unha imaxe tópica. A creación dunha novela soe ter detrás moito traballo de inspiración baseada en horas de lectura, kilómetros de viaxes e moita documentación. Esto multiplícase claramente coas novelas que recollen datos históricos aos que pretenden ser fieis. Tal é o caso da obra «Alén da desventura», do escritor Xavier Alcalá, que hai sete días resultou gañadora do premio de novela

Eduardo Blanco Amor. Desde a relectura de «A illa do tesouro» ata o uso dunha tesis doutoral sobre a construción de barcos de madeira e varios dicionarios etimolóxicos, o autor consultou dúzias de textos, estudos e documentos antigos para facer verosímil unha historia que se remonta ata o século XVIII e que está a medio camiño entre a novela histórica e o texto de aventuras mariñas do romanticismo. En escribi-la empregou sete meses; en documentala, cinco anos

BEATRIZ PALLAS


Todo comenzo como comencan sempre as cousas, por casualidade. Paseaba Xavier Alcalá os seus ollos por unhas estanterías cheas de libros antigos nunha librería de Bos Aires cando atopou un diario dun mariño inglés que relata a perda e o naufraxio nos Mares do Sur do seu barco. a maneira en que a propia tripulación logrou reconstruílo con restos de madeira da Patagonia que levaba a bordo. a súa recalada nas colonias portuguesas e súa viaxe final con parada en Ferrol. Unha historia que, máis adiante, oíría contar na Patagonia, pero en versión española e protagonizada por un barco chamado *Inmaculada Concepción*.

Así pois, o autor colleu a historia do mariño e convertiuna nun relato no que un falso mariño inglés (en realidade é ferrolán) trata de descargar culpas polo desastre naval que o seu navio sufriu na Patagonia. Este barco anda na procura dunha información que resulta clave para esta obra: o estado da navegación nas augas dos Mares do Sur e a posibilidade de cruzar do Atlántico ao Pacífico polo punto máis estreito no sur do continente evitando así ter que cruzar polo perigoso Estreito de Magallanes «Naquela época, poder naval era poder mundial», sinala o escritor

Con eso construíu un dos tres planos

narrativos que se entrecruzan na novela e que, ata que acaban por confluir, discorren paralelos e perfectamente entrelazados. segundo recoñeceu o xurado que lle concedeu este premio que recollerá o próximo mes de decembro. A segunda narración do libro é o diario dun misioneiro galego que vive nas colonias portuguesas en América e que tiña por obxectivo misturar aos indios do norte, que eran mansos e servían a caciques, cos do sur, que eran bus traballadores da terra. Esta outra trama veu inspirada por lecturas de relatos feitos por misioneiros da época, como a *Descripción da Patagonia de Falkner*, un xesuita que foi expulsado daquelas terras e que, como vinganza, revelou todos os seus segredos ao rei de Inglaterra.

Nun terceiro nivel da narración, o protagonista é a vida no Golfo Artabro. Na cidade de Ferrol, no século XVIII, sitúase una historia de intriga e conspiracións, inventada polo autor, que «ten como eixo a defensa de Ferrol como entidade onde o fundamental é saber converte a madeira, o ferro e a lona en navíos», explica Xavier Alcalá. Ao mesmo tempo, medra nesta cidade unha sociedade secreta que busca a paz en Europa, argalla sobre



O idioma foi unha das principais obsesións de Alcalá. •Querío

o reparto do mundo e que ten unhas ideas moi claras sobre o que se pode facer en España. «Concebían a España como nación, pero a Galicia como un reino que non recibía o respecto suficiente por parte da nación —di Alcalá—. Nesto, aparece un personaxe en Madrid que é a antena que eles teñen para mover os seus fíos e conseguir as cousas». Este personaxe da capital está directamente inspirado no Padre Sarmiento, trala lectura pertinente do seu *Epistolario*. Nesta trama ferrolá tamén lle foi de utilidade a obra *La economía gallega en los escritos de Pedro Antonio Sánchez*.


Este terceiro nivel narrativo cóntase por boca dun narrador omnisciente que utiliza os dous diarios anteriores como fonte de información sobre a navegación no cono sur, un importante coñecemento polo que competían españois e ingleses.

Na creación de personaxes desta trama fe-

rolán ción f gos m lena c pedir Alcalá tempo produ

NA DE

da qu época co e n Ao h inter: forma o máis



# toria

gañadora do premio Blanco Amor



DOMINGO GARCÍA-SABELL

Santiago, 1908

Académico de número da Real Academia Galega, da que foi presidente

## Arredor da anguria

**H**ai unha realidade que é universal e da que ninguén escapa. Trátase da anguria.


Se primeiro serviu para expresar unha situación física, corporal, a saber, a sensación opresiva na fisioloxía do corazón e do sistema respiratorio, axiña viuse transformada en vivencia anímica. Ou o que é igual, en experiencia espiritual. O mesmo vocábulo tamén arrastra esa dúplice significación. En consecuencia, e a base desa metamorfose, hoxe podemos dicir que todo o mundo padece de ansiedade. Estamos enfermos de anguria. Somentes de anguria, e non é pouco.

O caso estriba en dar co segredo de tan morbosa realidade, pois non somos quen a descifrala. Botamos man de tódalas posibles causas, vida competitiva, presa, dureza da loita, etcétera, etcétera: a «azkheïn» segue furtando o seu contido. Por eso xa Schelling, no século XVIII e moi especialmente no XIX, dubidaba de que fose posible aclarala pola súa versión orixinaria da anguria e nas súas matizacións posteriores. Nada nos conven-ce senón é a tese profunda de Kierkegaard:

HOXE PODEMOS DICIR QUE  
TODO O MUNDO PADECE DE  
ANSIEDADE. ESTAMOS ENFER-  
MOS DE ANGUIRIA. SOMETES  
DE ANGUIRIA, E NON É POUCO

anguria e liberdade atópanse nunha estreita relación dialéctica a partir da inocencia orixinaria. Entón, chega un intre no que resulta indispensable, no que resulta obrigado inclinarse, en nome do racional a configura-la propia existencia e, por tanto, en tomar unha decisión. A anguria nace desa posibilidade, asumida ou non. Pola súa banda V Gebattel advirtenos do difícil que é diferenciar con máxima nitidez o que é normal do que non o é. Por aquí asoma ben ás claras a ambigüidade da Psicoloxía profunda. O empeño en deslindar entre o «aínda san» do «case enfermo», o «noch gesund» do «fast krank». Esta dificultade resulta insuperable na situación anguriosa. Co que voltamos de novo a desembocar na imposibilidade recoñecida polo filósofo Schelling. Para o moderno psicopatólogo a ansiedade sería un sintoma de perda da base existencial e, por conseguinte, da destrución da creencia. A vivencia relixiosa integra a esperanza e o amor. Na anguria a existencia queda falsificada.

E agora, xorde na miña memoria a frase de Xesús no Evanxeo de Xoán: «No mundo teredes tribulación (esto é, anguria). Pero ¡ánimo!: eu vencín ó mundo». Cando a base transcendental se esfuma, a totalidade do universo desaparece. E de aí a mortal, a paralizante anguria.



Quería evitar como fose incluír vocablos que non existían antes do século XVIII», explica no seu estudio

rolán a fonte de inspiración e documentación foi a propia realidade. «Collín a amigos meus e retrateinos cunha casaca e meina con lazo, polo que agora tereilles que redir permiso antes de publicala», afirma Alcalá, que foi transportando ao texto «a empo real» as mesmas tensións que se iban producindo na vida pública de Ferrol, ain-

de unha tesis doutoral sobre a construción dos barcos de madeira naquela época ata un documento orixinal que falaba sobre cómo face-los navíos coa maior calidade. Alí deixa ver o autor a súa vena de enxeñeiro. «Pero tratei de simplificar moito os conceptos», matiza.

Unha das principais trabas para facer un-

tamén releu varias veces *A illa do tesouro* para ambientarse na linguaxe da época. O idioma foi unha das súas principais obsesións. «Quería evitar como fose incluír vocablos que non existían antes do século XVIII», explica. Isto o levou a repasa-la obra, palabra por palabra, confrontándoa con dicionarios históricos e etimolóxicos. Para tratar os emparezamentos da acción non precisou moita máis documentación que a boa memoria do que xa coñece. O mesmo sucedeu coa flora e fauna autóctonas da estepa argentina e os animais mariños das súas augas. Os relatos do misioneiro e do inglés cando chegan por primeira vez a aquelas terras servíronlle a Alcalá para vivir outra vez, a través duns novos ollos, o descubrimento dunha das súas grandes obsesións: a Patagonia, un lugar no que volve frecuentemente para admirar «as grandezas máis espantosas que nunca se viron».

### NA CREACIÓN DE PERSONAXES DESTA TRAMA FERROLÁN A FONTE DE INSPIRACIÓN E DOCUMENTACIÓN FOI A PROPIA REALIDADE

la que reflexándaos, como era propio da época, como tensións entre o poder político e militar da Mariña e o poder civil.

Ao longo da obra aparecen constantemente intercalados documentos, cartas e toda a información que puido acumular para facela máis fiel posible á realidade. Utilizou des-

ha historia verosímil foi a ausencia de literatura previa en galego, que non deixa de ser curiosa tendo en conta a longa relación de Galicia co mar. Por esta razón tivo que recurrir a inspirarse nos clásicos portugueses da narración mariña, como *A historia tragico-marítima*. Xa de máis lonxe,

